



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|--|--------------------|--|-----------|
| Datos Identificativos | | | | 2024/25 |
| Asignatura (*) | Pobreza e desigualdade: debates, medicións e identificación de grupos en risco de exclusión | | Código | 615525005 |
| Titulación | | | | |
| Descritores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Mestrado Oficial | 1º cuadrimestre | Primeiro | Obrigatoria | 6 |
| Idioma | CastelánGalegoInglés | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Economía | | | |
| Coordinación | Novo Corti, María Isabel | Correo electrónico | isabel.novo.corti@udc.es | |
| Profesorado | Novo Corti, Maria Isabel Picatoste Novo, José María | Correo electrónico | isabel.novo.corti@udc.es j.pnovo@udc.es | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | A materia pretende que o alumnado adquira os coñecementos que permitan a análise e medición da pobreza e as desigualdades, así como a identificación dos grupos en risco de exclusión. De xeito transversal, farase referencia, ao longo de toda a asignatura, ás particularidades a distintos grupos en risco de pobreza e/ou exclusión. O dominio do temario axudará a identificar posibles riscos, contribuíndo así ao desenvolvemento profesional na área de políticas públicas e accións relacionadas coa pobreza e a exclusión social. | | | |

| Competencias / Resultados do título | |
|-------------------------------------|-------------------------------------|
| Código | Competencias / Resultados do título |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|---|--|--------------------------|--------------------------|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título | | |
| | Identificar os procesos sociais que poden provocar situacións de desigualdade, pobreza, vulnerabilidade ou risco de exclusión social, así como identificar grupos en risco de pobreza. | BM1 BM2 BM3 | CM1 CM4 |
| Competencias xenéricas para desenvolver unha mirada crítica e creativa ao analizar a problemática da pobreza: Crítica, no sentido de pór en cuestionamiento os principios organizadores do coñecemento e Creativa, ao considerar as implicacións sociais e políticas que os discursos levan, recoñecendo situacións de desigualdade nos países desenvolvidos, explicar a súa natureza e a influencia do contorno económico. | BM7 BM8 BM9 BM10 BM11 BM14 BM15 BM20 BM21 | CM1 CM4 CM5 CM6 | |
| Competencias específicas en coñecementos que permitan identificar factores clave no fenómeno da pobreza e da exclusión, así como os principais grupos que se atopan nesta situación, como é o caso da pobreza e cómo afecta á desigualdade de xénero, incrementando a súa perspectiva social. | AM1 AM3 AM4 AM5 AM6 AM7 AM8 AM17 | BM2 BM4 BM7 | CM1 CM2 CM3 CM4 |



| | | | |
|--|--------------------|-----------------------------|-----|
| Competencias relacionadas coa análise das políticas sociais relativas á pobreza e exclusión, a comparación entre elas, a discusión e a elaboración de informes, en diferentes soportes ou medios. | AM2 AM3 AM5 | BM5 BM13 BM16 BM17 | |
| Competencias relacionadas co uso e a análise de bases de datos e recursos on-line, así como o cálculo de indicadores: Utilización de métodos e técnicas de investigación aplicadas á desigualdade, pobreza e exclusión. | AM3 AM6 AM23 | BM10 BM11 BM18 | CM7 |

| Contidos | |
|---|--|
| Temas | Subtemas |
| PARTE 1: Introducción | 1.1. Economía e sociedade. Globalización e interdependencia. 1.2. Os principais problemas da economía. |
| PARTE 2: Eficiencia e equidade | 2.1. Eficiencia económica e equidade 2.2. O óptimo de Pareto e os teoremas básicos da economía do benestar |
| PARTE 3: Concepto de pobreza e desigualdade | 3.1. Conceptos de pobreza, desigualdade e exclusión social 3.2. Principais medidas de pobreza 3.3. A medición da desigualdade. A curva de Lorenz |
| PARTE 4: A exclusión social | 4.1. Exclusión social 4.2. Medida de la exclusión social: a tasa AROPE |
| PARTE 5: Os obxectivos do Desenvolvemento Sustentable (ODS) | 5.1. Pobreza, desigualdade e o risco de exclusión social no marco dos Obxetivos do Desenvolvemento Sustentable 5.2. Desenvolvemento económico e desarrollo sustentable 5.3. O Índice de Desenvolvemento Humano |
| PARTE 6: Investigación aplicada | 6.1. Introducción 6.2. Diferentes enfoques e metodoloxías |

| Planificación | | | | |
|---------------------------|--|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Obradoiro | A6 B8 B11 B14 B17 B21 C1 C3 C4 C7 | 8 | 0 | 8 |
| Sesión maxistral | A1 A2 A3 B1 B2 B4 B11 B13 B14 B15 B16 B18 C2 C4 | 40 | 40 | 80 |
| Lecturas | A4 B10 C1 C2 C7 | 0 | 10 | 10 |
| Prácticas a través de TIC | A4 A5 A8 B2 B3 B7 B13 B14 B18 C2 C3 C4 C7 | 4 | 4 | 8 |
| Aprendizaxe colaborativa | B5 B9 C5 C7 | 2 | 6 | 8 |
| Traballos tutelados | A7 A17 A23 B1 B2 B3 B4 B7 B8 B10 B11 B14 B15 B18 B20 B21 C6 | 12 | 18 | 30 |
| Proba obxectiva | A4 A5 A8 B2 B3 B8 B10 B20 B21 C3 | 2 | 0 | 2 |
| Atención personalizada | | 4 | 0 | 4 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías |
|--------------|
|--------------|



| Metodoloxías | Descrición |
|---------------------------|---|
| Obradoiro | Realizáanse obradoiros ou conferencias de participantes invitados/as, con persoas directamente relacionadas con proxectos ou experiencias que aporten coñecemento empírico sobre o contido da asignatura. Estes obradoiros poderán ser presenciais ou online. |
| Sesión maxistral | Traballaranse activamente os temas do programa, integrando a exposición docente cos debates dirixidos e outras actividades prácticas. A orde das sesións poderá sufrir algúns cambios en función da asistencia de conferenciantes invitados/as para tratar estudos de casos ou experiencias concretas. |
| Lecturas | Recomendarase a lectura de textos académicos ou de actualidade, relacionados co contido da asignatura para que os estudantes os analicen, interpreten e os comprendan en base aos coñecementos e ás ferramentas da análise económica e social, que se estudian na materia. |
| Prácticas a través de TIC | O alumnado tratará de aplicar o uso das TIC para aprender de forma efectiva, a través de actividades de carácter práctico, baseadas en documentación escrita, audiovisual e de calquera índole, relacionada coa materia, mediante a utilización das tecnoloxías da información e as comunicacións. Trátase de ampliar coñecementos e obter información para facilitar a aprendizaxe autónoma e o razoamento crítico. A plataforma Moodle será un vehículo importante para a aplicación desta metodoloxía. |
| Aprendizaxe colaborativa | Metodoloxía de ensinanza-aprendizaxe que permite a división da clase en grupos pequenos fomentando o traballo en conxunto para a resolución de tarefas académicas de forma non competitiva. A persoa docente guiará o proceso de resolución de tarefas ben de forma presencial ben apoiándose nas TIC. |
| Traballos tutelados | Estudo autónomo e en profundidade dalgún dos problemas socioeconómicos detectados, a partir dun traballo de investigación e a consecuente fundamentación en fontes bibliográficas, baixo a tutela da persoa docente. |
| Proba obxectiva | Trátase dunha ou varias probas para a avaliación da aprendizaxe, pode combinar distintos tipos de preguntas: preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación. Tamén pode construírse con un só tipo dalgunha destas preguntas. Poderá incluír tanto preguntas de carácter teórico como práctico ou problemas. Realízase durante o transcurso do curso. Forma parte da avaliación continua. Poderase realizar online a través de la plataforma Moodle ou de forma presencial. |

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|---|---|
| Prácticas a través de TIC Obradoiro Traballos tutelados Lecturas | A equipa docente estará dispoñible para á atención personalizada aos/ás estudantes, sempre que eles/elas o requiran, para aqueles temas que estimen oportuno, en relación co temario da asignatura. Particularmente para a resolución problemas, leituras, etc. Esta atención poderá ser online a través dos mecanismos facilitados pola universidade. |

Avaliación

| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
|---------------------|--|---|---------------|
| Proba obxectiva | A4 A5 A8 B2 B3 B8 B10 B20 B21 C3 | Valoraranse coñecementos adquiridos ao longo do curso. Poderá consistir en cuestións de tipo teórico ou práctico. Realizaranse unha ou varias probas ao longo do curso. Forma parte da avaliación continua. Poderá ser realizada presencialmente ou online a través da plataforma Moodle ou utros medios dixitais que se acorden. | 60 |
| Traballos tutelados | A7 A17 A23 B1 B2 B3 B4 B7 B8 B10 B11 B14 B15 B18 B20 B21 C6 | Un ou varios traballos, para unha avaliación dos coñecementos e competencias do conxunto da materia. Forma parte da avaliación continua. Poderá ser realizada presencialmente ou online a través da plataforma Moodle ou utros medios dixitais que se acorden. | 40 |

Observacións avaliación



A) NORMATIVA DE AVALIACIÓN:

1. Condicións de avaliación: está prohibido acceder á sala de exames con calquera dispositivo que permita a comunicación co exterior e / ou o almacenamento de información, agás no caso de exames en liña ou así o indique a equipa docente.
2. Identificación do alumno/a: o alumno/a deberá demostrar a súa personalidade segundo a normativa vixente.

B) TIPOS DE VALORACIÓN:

1. Cualificación de non presentado/a: corresponde ao alumno/a, cando só participa en actividades de avaliación que teñan unha ponderación inferior ao 20% sobre a cualificación final, independentemente da cualificación acadada.
2. Estudantes con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia: os estudantes con recoñecemento de dedicación a tempo parcial, aínda que estean exentos de asistencia, serán avaliados cos mesmos criterios que os estudantes a tempo completo.

C) OPORTUNIDADES DE AVALIACIÓN:

Primeira oportunidade: aplicaranse os criterios de avaliación indicados anteriormente nesta sección.

Segunda oportunidade: os criterios de avaliación son os mesmos para todas as oportunidades de avaliación. Na avaliación da segunda oportunidade (artigo 18, sección 5, das Normas de avaliación, revisión e reclamacións de cualificacións de estudos de bacharel e máster) os estudantes terán a oportunidade de realizar unha proba final, consistente nun cuestionario mixto, equivalente ao 100% da avaliación, na que os estudantes deberán demostrar que acadaron as competencias da materia.

Convocatoria adiantada: as condicións de avaliación da oportunidade adiantada (art. 19 das Normas de avaliación, revisión e reclamacións das cualificacións dos estudos de grao e mestrado) serán específicas para esta oportunidade. Avaliarase mediante unha proba mixta que representará o 100% da nota final.

D) OUTRAS OBSERVACIÓNS DE AVALIACIÓN:

Para aprobar a materia será necesario acadar unha nota de 5 sobre 10. Se se obtén a nota 5 de 10 na avaliación continua (CE) realizada durante o curso, non será necesario realizar os exames finais. Os estudantes que non superen a avaliación continua poderán presentarse ao exame final, consistente nunha proba mixta (100% da avaliación total), na que deberán demostrar que adquiriron os coñecementos e habilidades necesarios para acreditar as competencias relacionadas coa materia. En caso de plaxio, aplicarase a sanción correspondente. A detección de fraude, xa sexa plaxio ou calquera outra actuación, dará lugar a unha cualificación final de 0 puntos. A nota de suspensión aplicarase na convocatoria na que se cometa a infracción e respecto da materia na que se cometese: o alumno cualificarase con "suspensión" (grado numérico 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para iso, modificarase a súa valoración no informe de primeira oportunidade, se é necesario. Todos os aspectos relacionados coa ?dispensa académica?, ?dedicación al estudio, ?permanencia? e ?fraude académico?

rexiranse dacordo coa normativa académica vigente de la UDC.



Bibliografía básica

- Instituto Nacional de Estadística - España (2006). La pobreza y su medición. Presentación de diversos métodos de obtención de medidas de pobreza. INE. Instituto Nacional de Estadística.
- Fundación FOESSA (Varios). Informes sobre exclusión y desarrollo social en España. Fundación FOESSA
- Acemoglu, D., Robinson, J. A. et ál. (2012). Por qué fracasan los países. Los orígenes del poder, la prosperidad y la pobreza. Deusto
- Collier, P., & Dollar, D. (2002). Globalization, growth, and poverty: Building an inclusive world economy. Oxford University Press
- Subirats, Joan (2004). Pobreza y exclusión social, un análisis de la realidad española y europea. Colección de Estudios Sociales, 16, Fundación La Caixa
- Sen, A. (1992). Sobre conceptos y medidas de pobreza. Comercio exterior, 42(4), 310-322
- Deaton, A. (2013). The Great Escape: Health, Wealth, and the Origins of Inequality. Princeton University Press
- Villar, A. (2017). Lectures on Inequality, Poverty and Welfare. Springer
- Naciones Unidas (Varios). Página Web.
- Unión Europea (Varios). Página Web.
- Banco Mundial (Varios). Página Web.
- OIT (Varios). Página Web.
- Krugman, P., Wells, R. & Graddy, K. (2013). Fundamentos de economía. Reverté
- Acemoglu, D., Laibson, D., & List, J. A. (2022). Economía: un primer curso inspirado en el mundo real.. Antoni Bosch editor.
- Atkinson, A. B. (1998). Social exclusion, poverty and unemployment. In J. Hills (Ed.), Exclusion, employment and opportunity (pp. 1-20) London School of Economics and Political Science: Centre for Analysis of Social Exclusion (CASE).
- Atkinson, R., & Davoudi, S. (2000). The concept of social exclusion in the european union: Context, development and possibilities. Journal of Common Market Studies, 38(3) doi:10.1111/1468-5965.00229
- Ayala, L. (2006). Lamonitorización de la desigualdad y la exclusión social: hacia un sistemaintegrado de indicadores, en Vidal Fernández, F. (dir.), V Informe FUHEM depolíticas sociales: La exclusión social y el estado del bienestar en España, Madrid: FUHEM, 43-59. Disponible en:
<http://www.fuhem.es/media/ecosocial/file/Cohesi%C3%B3n%20Social/Desigualdad,%20pobreza%20y%20exclusi%C3%B3n/AYALA%20CA%C3%91%C3%93N,%20Luis,%20La%20monitizaci%C3%B3n%20de%20la%20desigualdad.pdf>
- Cortina A., Pereira G.(2009). Pobreza y libertad: erradicar la pobreza desde el enfoque de lascapacidades de Amartya Sen. Madrid: Tecnos.Fundación FOESSA (2014).Una mirada de género a la exclusión social. Fundación FOESSA. Disponible en:
http://www.foessa2014.es/informe/uploaded/documentos_trabajo/15102014151359_2687.pdf
- Fundación FOESSA (2015). Análisisy Perspectivas 2016: Expulsión Social y Recuperación Económica. FundaciónFOESSA. Disponible en:
http://www.foessa.es/publicaciones_compra.aspx?Id=5279&Idioma=1&Diocesis=42
- Instituto Nacional de Estadística (2006). La pobreza y su medición. Presentación de diversos métodosde obtención de medidas de pobreza. Instituto Nacional de Estadística.Disponible en:
file:///F:/Docencia/Pobreza%20y%20exclusi%C3%B3n%20social/Gu%C3%ADa%20Carlos%20III/INE_pobreza.pdf
- Piketty, T., & Saez, E. (2014). Inequality in the long run. Science, 344(6186), 838-843. doi:10.1126/science.1251936
- Picatoste, José Picatoste, Ignacio López Arranz, Mª Asunción (2016). Las políticas públicas de austeridad efectos del Real Decreto-Ley 16/2012, de 20 de abril, en España. Editorial Aranzadi, S.A. ISBN:97884
- Stiglitz J. E., Sen A. yFitoussi J. P. (2009). El informe de la comisión sobre la medición de lasactividades económicas y el progreso social. Institut national de lastatistique et des études économiques. Disponible en:
<http://www.ambafrance-es.org/Informe-de-la-Comision-Stiglitz>
- Subirats, Joan. (dir.)(2004) Pobreza y exclusión social, un análisis de la realidad española yeuropea, Colección de Estudios Sociales, 16, Fundación La Caixa. Disponible en:
<http://www.didacqueralt.com/pobreza-sp.pdf>



| | |
|------------------------------------|--|
| Bibliografía complementaria | <ul style="list-style-type: none"> - Atkinson, A. B. (1998). Social exclusion, poverty and unemployment. In J. Hills (Ed.), Exclusion, employment and opportunity (pp. 1-20). London School of Economics and Political Science: Centre for Analysis of Social Exclusion (CASE) - Atkinson, R., & Davoudi, S (2000). The concept of social exclusion in the european union: Context, development and possibilities. Journal of Common Market Studies, 38(3) - Martínez Virto, L., & Sánchez Salmerón, V. (2019). Regional inclusion policies in Spain: new approaches and keys to their effectiveness. Investigaciones Regionales ? Journal of Regional Research, 44 (2019/2), 17-28 - Novo-Corti, I; Baña Castro, M (2011). Muller Rural Galega, tecendo redes para un novo milenio. Gesbiblio - Rycroft, Robert S. (2018). The economics of inequality, discrimination, poverty and mobility (2nd edition). Routledge - Taylor & Francis - Collier, P. (2018). El club de la miseria : qué falla en los países más pobres del mundo. Turner Ed. - Goerlich, F.J. & Villar, A. (2009). Desigualdad y bienestar social, de la teoría a la práctica. Fundación BBVA - Sen, A. (1999). Development as Freedom . Oxford University Press - Milanovic, B. (2016). Global Inequality: A New Approach for the Age of Globalization. Harvard University Press - Todaro, M. P., & Smith, S. C. (2015). Economic Development. Pearson. Pearson - Atkinson, A. B., & Bourguignon, F. (2015). Handbook of Income Distribution. North-Holland <p>Recoméndase facer un seguimento contínuo da plataforma MOODLE</p> |
|------------------------------------|--|

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Fontes de información e técnicas estatísticas para a análise das políticas sociais/615525007

Materias que continúan o temario

Observacións

Recoméndase seguir con asiduidade as indicacións e novidades da plataforma MOODLE, xa que esta plataforma, xunto coas clases presenciais, constitúe un sistema esencial de comunicación entre a equipa docente e o estudantado. Ademais, fanse as seguintes observacións e recomendacións, con carácter xeral:

1. A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia:
 - a. Solicitarase en formato virtual e/ou soporte informático;
 - b. Realizarase a través de Moodle, en formato dixital sen necesidade de imprimilos.
2. Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores de sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais.
3. Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas, e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade.
4. Facilitarase a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria.
5. Nas clases sosterase o principio de debate democrático, escoitando e respetando todas as opinións diversas en torno aos temas tratados, tanto de parte do profesorado como do alumnado.
6. Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria incorporare a perspectiva de xénero nesta materia (usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores/as de ambos sexos, propiciarase a intervención en clase de alumnos e alumnas...).
7. Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade.
8. Deberanse detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas.

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE O curso poderá adaptarse ao alumnado que requira a adopción de medidas orientadas ao apoio á diversidade (física, visual, auditiva, cognitiva, de aprendizaxe ou relacionadas coa saúde mental). Se é o caso, deberán dirixirse aos servizos dispoñibles na UDC/no centro: nos prazos oficiais estipulados con anterioridade a cada cuadrimestre, coa Unidade de Atención á Diversidade (<https://www.udc.es/es/cufie/ADI/LGTBIQ/>); no seu defecto, co/a titor/a ADI da Facultade, **NOTA ADICIONAL** Adicionalmente, é aconsellable tener coñecementos básicos de socioloxía, economía e dereito. En particular, debes coñecer o papel das organizacións transnacionais (Banco Mundial, Nacións Unidas, Unión Europea). Tamén hai coñecementos básicos de matemáticas e estatística aplicadas á correcta interpretación, cálculo e xestión de bases de datos e indicadores. Recoméndase ter un nivel de inglés medio-alto para un acceso adecuado ás fontes de información. Así mesmo, requírese un nivel axeitado de uso das TIC.



(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías